



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CORRESPONDENTE O DÍA 26 DE XULLO DE 2016.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinteseis de xullo de dous mil dezaseis; as doce e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro, Dona Maria López Touza e Don Javier Iglesias Sendín.-

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado dezaioito de xullo de dous mil dezaseis (ordinaria).

**2.- OBRAS MAIORES.--**

**OUTORGAMENTO LICENCIA DE OBRAS RIB/N/102.7/15.-**

*Visto o escrito presentado por Don Guillermo López Míguez, na representación de Construcciones y Excavaciones López Carballal S.L., onde solicita Licenza de Obras para construción de edificio para sete vivendas e dous locais no inmobile sito na rúa Martínez Vázquez nº1 e 3 e esquina rúa Virxe do Portal, segundo o proxecto básico e de execución e anexos redactado polo arquitecto Don Luis Antonio Chao Gómez.*

*Consta proxecto básico e de execución e anexos redactado polo arquitecto Don Luis Antonio Chao Gómez que consta no expediente.*

*Consta “Estudio de Seguridade e Saúde de construción de Edificio para sete vivendas e dous locais”, asinado polo mesmo técnico e con selo de visado do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de 15 de xullo de 2016.*

*Consta informe favorable da Arquitecto Municipal de data 26 de xullo de 2016.*

*Consta informe do Secretario municipal de data 26 de xullo de 2016.*

*Consta informe favorable da Comisión de Seguimento do P.E.R.I. de daa 19 de maio de 2016.*

*Achegase Oficio de Dirección das Obras a cargo do mesmo técnico e Oficios de Dirección de Execución das Obras e de Coordinación en Materia de Seguridade e Saúde a cargo do arquitecto técnico D. Marcos Chao Amaro.*



*Consta de Infraestrutura Común de Telecomunicacións está asinado polo enxeñeiro de telecomunicación D. Mario Reboreda Puime, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación con data de 29 de febreiro de 2016.*

*A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :*

*Conceder licenzia a Construcciones y Excavaciones López Carballal S.L., para construción de edificio para sete vivendas e dous locais no inmovible sito na rúa Martínez Vázquez nº1 e 3 e esquina rúa Virxe do Portal, desta Vila.*

### **1.- Condicións xerais:**

*En todo caso é de ter en conta que as licenzias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.*

*A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.*

*De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no Art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e Art. 144.3 da Lei do Solo de Galicia, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.*

*Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación, so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.*

*En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.*

**Penalización:** *O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 152 e ss. da Lei 2/2016), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.*

**Caducidade:** *A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.*

### **2.- Condicións particulares:**

**Finalidade da actuación e uso ó que se destinará:** *Construción de edificio para sete vivendas e dous locais.*

**Contía na que se orzan as obras:** 463.525 €

**Situación e emprazamento das obras:** *Rúa Martínez Vázquez nº1 e 3 e esquina rúa Virxe do Portal.*



**Nome ou razón social do promotor:** Construcciones y Excavaciones López Carballal S.L..

**Director de Obra:** Don Marcos Chao Amaro.

**Director de execucion material e coordinador de seguridade e saude:** Don Marcos Chao Amaro.

**Prazos:** O prazo de inicio das obras non poderá exceder dun (1) mes e o prazo de remate de tres (3) anos, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.

**Liquidación do ICIO:** Visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 463.525 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do imposto de construcións, por importe de 12.051,65 euros.

Importe execución material / coste da obra:	463.525,00 €	
Importe do ICIO, 2,6% do apartado anterior (mín. 42€):	12.051,65 €	
Aboado por autoliquidación:	12.051,65 €	16-11-15
Cantidade que deberá aboar adicionalmente:	<b>0,00 €</b>	

### OUTRAS CONDICIONS.-

-Na execución das obras, estarase ó disposto no Informe da empresa concesionaria dos servizos municipais de saneamento e abastecemento de auga, Aqualia. Deberá solicitar condicións a empresa concesionaria.

-En caso de ser necesaria a ocupación do vial público, deberá tramitarse segundo o Anexo 3. Solicitud de Autorización de Ocupación de Dominio Público da citada *Ordenanza Reguladora da Intervención Urbanística Municipal en Obras e Actividades*, BOP nº 19 do 24 de xaneiro do 2015.

Se a execución das obras conlevan afección á estrada OU-405, de titularidade autonómica, considerase da necesidade de que por parte do promotor se presente ademais a autorización da AXI previo o inicio das obras.

-Depositará aval por importe de 11.701,69€ coa finalidade de garantir co remate das obras de urbanización.

-Unha vez rematadas as obras presentarase a documentación regulamentaria e notificarase ao Concello coa finalidade de realizar a correspondente visita de comprobación previa á Licenza de Primeira Ocupación.

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIUDADÁNS.-**

#### INFORMACIÓN URBANÍSTICA.-

Solicitud de información urbanística interesada por **Don Alberto Fernández Fontenla, na representación de Unión Fenosa Distribución**, con domicilio a efectos de notificación na Batundeira nº 2, Velle, Ourense, número de expediente **RIB/N/72/16**. A proposta da Alcaldía, e visto o correspondente informe técnico de data 20.07.2016.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes aprobou a información urbanística que se contén naquel, para o inmovible sito na Estrada a Francelos (OU-801) Camiño Consgostra do Trasgo (Ref. Catastral 0215804NG7801N0001ZE), a solicitude de **Don Alberto Fernández Fontenla, na representación de Unión Fenosa**



**Distribución** , de xeito que se entregará á solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

#### **INFORMACIÓN URBANÍSTICA.-**

Solicitude de información urbanística interesada por **Dona Maria Carmen Fernández Docasar** , con domicilio a efectos de notificación na rúa Garcia Lorca nº 6, 2ºA, Vigo, número de expediente **RIB/N/73/16**. A proposta da Alcaldía, e visto o correspondente informe técnico de data 22.07.2016.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes aprobou a información urbanística que se contén naquel, para o inmovible sito na avda. Redondela nº 15/Rúa San Lázaro nº 12, Ribadavia (Ref. Catastral 0519902NG7801N0001EE), a solicitude de **Dona Maria Carmen Fernández Docasar** , de xeito que se entregará á solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

- Da Secretaria Xeral de Política Lingüística, Resolución do 13 de xullo de 2016, concedendo subvención para Programas de dinamización lingüística por importe de 1.435 euros.

- Da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, Resolución concedendo subvención para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego no exercio 2016, por importe de 46.000 euros.

- Da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, remitindo acordo de cesión en propiedade de terminais de radiocomunicación para acceso aos servizos da rede Corporativa de comunicación móbiles dixitais de emerxencia e seguridade de Galicia.

- Acta de entrega de chaves do inmovible sito na rúa dos Fornos nº 18, Ribadavia, por parte do Concello de Ribadavia os herdeiros de Don José Dávila Lorenzo.

- Acta do Xurado do 11º Premio Abrente de Textos Teatrais da MIT de Ribadavia, de dta 19.07.2016.

#### **5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

##### **SOLICITUDE DE SUBVENCIONS.-**

**Orde do 4 de xullo de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións para o investimento en centros de inclusión e emerxencia social e de programas que desenvolverán as corporacións locais para a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, e se procede á súa convocatoria para os exercicios 2016-2017, cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e Fondo Social Europeo 2014- 2020.**



“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, Orde do 4 de xullo de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións para o investimento en centros de inclusión e emerxencia social e de programas que desenvolverán as corporacións locais para a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e Fondo Social Europeo 2014- 2020, acorda acollerse a devandita Orde e solicitar a correspondente subvención para programas dirixidos á inclusión social da comunidade xitana, aceptando as condicións de financiación e demais requisitos establecidos na presente Orde”.

**ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS DENOMINADO "MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NA REDE DE ALUMEADO PÚBLICO DO PARQUE EMPRESARIAL DE RIBADAVIA”.-**

Ponse de manifesto a Xunta de Goberno Local o expediente tramitado para contratar mediante procedemento negociado sen publicidade o contrato denominado “Mellora da eficiencia enerxética na rede de alumeado do parque empresarial de Ribadavia”.

Os pregos de Cláusulas Administrativas Particulares foi aprobado ó 4 de xuño de 2016, mediante acordo de Xunta de Goberno local a través de procedemento negociado sen publicidade, procedéndose a invitación de empresas en data 5 de xuño de 2016.

Rematado o prazo de presentación de proposicións procedeuse a apertura da documentación do sobre A e acto seguido os sobres B e C, mediante constitución de mesa de contratación ao efecto de data 15 e 21 de xullo de 2016.

A mesa de contratación analizadas as ofertas presentadas propon a Xunta de Goberno Local a adxudicación do Contrato de obras de “Mellora da eficiencia enerxética na rede de alumeado do parque empresarial de Ribadavia” a empresa Aopil S.L., sendo a que presenta a mellor oferta no seu conxunto, como queda acreditado na correspondente acta.

Deliberado sobre o particular a Xunta de Gobemo Local, adoptou por unanimidade dos asistentes os seguintes acordos:

1.- Adxudicar o contrato denominado “Mellora da eficiencia enerxética na rede de alumeado do parque empresarial de Ribadavia” a empresa Aopil S.L., por importe de 28.685,58 € IVE incluído, coas seguintes condicións:

- **Prazo de garantía:** 15 meses.
- **Prazo de execución:** 2 meses.
- **Mellor calidade dos materiais:** As ofertadas segundo documentación obrante no expediente.
- **Melloras:** As ofertadas segundo documentación obrante no expediente.

2.- Requerir o adxudicatario para que constituía a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe da adxudicación, por calquera dos medios a que se refire o artigo 96 do TRLCSP.



3.- A formalización do contrato realizarase dentro dos 15 días hábiles seguintes a da notificación do acordo de adxudicación, (unha vez consignada a garantía) facultando ao Sr. Alcalde para a sinatura do mesmo.

**ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS DENOMINADO "MELLORA DO VIAL DE ACCESO O APARCAMENTO DO PARQUE EMPRESARIAL DE RIBADAVIA".-**

Ponse de manifesto a Xunta de Goberno Local o expediente tramitado para contratar mediante procedemento negociado sen publicidade o contrato denominado “Mellora do Vial de acceso o aparcamento do parque empresarial de Ribadavia”.

Os pregos de Cláusulas Administrativas Particulares foi aprobado ó 4 de xuño de 2016, mediante acordo de Xunta de Goberno local a través de procedemento negociado sen publicidade, procedendose a invitación de empresas en data 5 de xuño de 2016.

Rematado o prazo de presentación de proposicións procedeuse a apertura da documentación do sobre A e acto seguido os sobres B e C, mediante constitución de mesa de contratación ao efecto de data 21 de xullo de 2016.

A mesa de contratación analizadas as ofertas presentadas propon a Xunta de Goberno Local a adxudicación do Contrato de obras de “Mellora do vial de acceso o aparcamento do parque empresarial de Ribadavia” a empresa Cocigal 2013 S.L., sendo a que presenta a mellor oferta no seu conxunto, como queda acreditado na correspondente acta.

Deliberado sobre o particular a Xunta de Gobemo Local, adoptou por unanimidade dos asistentes os seguintes acordos:

1.- Adxudicar o contrato denominado “Mellora do vial de acceso o aparcamento do parque empresarial de Ribadavia” a empresa Cocigal 2013 S.L., por importe de 121.260,38 € IVE incluído, coas seguintes condicións:

- **Prazo de garantía:** 30 meses.
- **Prazo de execución:** 1 mes e 15 días.
- **Mellor calidade dos materiais:** As ofertadas segundo documentación obrante no expediente.
- **Melloras:** As ofertadas segundo documentación obrante no expediente.

2.- Requerir o adxudicatario para que constituía a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe da adxudicación, por calquera dos medios a que se refire o artigo 96 do TRLCSP.

3.- A formalización do contrato realizarase dentro dos 15 días hábiles seguintes a da notificación do acordo de adxudicación, (unha vez consignada a garantía) facultando ao Sr. Alcalde para a sinatura do mesmo.



**SUBVENCIONS CHARANGAS ENTROIDO 2016**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade os asistentes, presta aprobación as subvencións correspondentes a participación de charangas e grupos nos desfiles do Entroido 2016, de acordo coa relación e importes que de seguido transcríbense:

<b>Nome</b>	<b>Total</b>
Trópico de grelos	1350 euros
Os que están en todas	200 euros
Abelenda	300 euros
Carballeda 1	300 euros
Carballeda 2	300 euros
Villar de Condes	350 euros
Francelos	700 euros
Anaquiños	300 euros
Cruz Roja	200 euros
Chairiña 1	200 euros
Chairiña 2	200 euros
Ciclon	800 euros
Trouseghas	500 euros
Al Lajartas	800 euros
<b>TOTAL</b>	<b>6500 euros</b>

**6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo a unha e cuarto do mediodia, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.



**Concello de Ribadavia**